



DECRETO DE ALCALDÍA

ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RIESGOS LABORAIS NO CONCELLO DE CASTRO DE REI.

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei, (Lugo).

Vista a Memoria do Órgano de Contratación, de data 16 de xuño de 2022, asinado pola alcaldía.

Vistos os presupostos presentados polas seguintes empresas:

- Cualtis S.L.U., con CIF B-84527977, que tivo entrada no concello o día 10 de maio de 2022, co nº RE-253, onde especifica na súa Proposta de prestación de servizos un precio para as Especialidades técnicas de 1.180,00€/ano e para Actividades médicas un custe de 1.170,00€/ano, facendo un total de 2.350€ sen incluír impostos.

- Quirón Prevención S.L., con CIF B- 64076482, que tivo entrada no concello o día 11 de maio de 2022, co nº RE-255, onde especifica na súa Proposta de prestación de servizos un precio para as Especialidades técnicas de 1.035,00€/ano, sen incluír impostos e por recoñecemento médico un importe de 40€ para cada traballador, que está exento de IVE.

- Ibersys Seguridad y Salud S.L., (Norprevención) con CIF B- 27222827, que tivo entrada no concello o día 13 de maio de 2022, co nº RE-260, onde especifica na súa Proposta de prestación de servizos un precio para as Especialidades técnicas de 1.025€/ano, sen IVE, e por recoñecemento médico un importe de 39,5€/unidade, exento de IVE.

Visto o certificado de existencia de crédito de intervención asinado o día 16 de xuño de 2022, por importe total de 2.069,75€, na partida 920.22799 do orzamento do exercicio 2022 que é o prorrogado de 2021 para facer fronte á contratación do servizo de prevención de riscos laborais no concello de Castro de Rei.

Dacordo cos artigos 118 e 131 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro.

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o Decreto de Alcaldía nº 318/2019, de 2 de xullo, recollido no acordo plenario de 05/07/2019.

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a tramitación do expediente de contratación polo procedemento de contrato menor dacordo co artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Segundo.- Aprobar a contratación do servizo de prevención de riscos laborais no concello de Castro de Rei, e aprobar o gasto con cargo á partida correspondente do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Adxudicar á empresa Norprevención S.L., con CIF B- 27222827, o contrato menor de realización do servizo de prevención de riscos laborais no concello de Castro de Rei, durante o periodo dun ano a contar dende a sinatura



desta resolución, polo importe total de 2.069,75€ que se corresponden a especialidades técnicas por importe de 1.025€/ano máis o 21% de IVE (215,25€) e por recoñecemento médico 39,5€/unidade (exento de IVE) por 21 traballadores do concello, dacordo co presuposto presentado no concello e nos termos expresados no mesmo, por contar cos medios técnicos e humanos necesarios que require aquél e coa habilitación esixible para a realización da actividade que constitúe o obxecto do contrato.

Cuarto.- Notificarlle esta resolución á citada empresa.

Quinto.- Habilitar á Alcaldía deste Concello para a realización de calquera xestión ou sinatura de calquera documento necesarios, para o desenrolo e execución deste acordo.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA QUE FIGURA Á MARXE

